

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 30 DE SETEMBRO

### **1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00043199M.**

#### **Aprobación de actas de sesións anteriores.**

Acórdase aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 16 de setembro de 2024.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00010170P.**

#### **Rehabilitación integral do inmoble situado en Calzada de Santo Antonio 14.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e segundo o proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Cristina Ansele Viz e Alberto Quintáns Arrondo con selo de visado de data 23/04/2024 cun orzamento de execución material de 181.316,48€, a rehabilitación integral do inmoble situado en Calzada de Santo Antonio 14 Santiago de Compostela (A Coruña).

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00018337Y.**

#### **Reestruturación de cuberta do edificio sito na rúa de Fonte de Santo Antonio, 29**

Acórdase conceder á comunidade de propietarios Fonte de San Antonio 29 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de execución redactado polo arquitecto Carlos Romero Lage presentado na data 10/04/2024 e cun orzamento de execución material de 24.480,00 €, a reestruturación de cuberta do edificio sito na rúa de Fonte de Santo Antonio, 29 Santiago de Compostela (A Coruña).

### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00024599N.**

#### **Restauración de cuberta do edificio sito en rúa do Castro, 2.**

Acórdase conceder á comunidade de propietarios do edificio sito na rúa do Castro 2 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Carmen Rey López presentado na data 24/05//2024 e un orzamento de execución material de 23.793,60 €, a restauración de cuberta do edificio sito en rúa do Castro 2 Santiago de Compostela (A Coruña).

### **5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00019167P.**

#### **Reforma enerxética no edificio situado na rúa de Ramón Cabanillas, 5-7.**

Acórdase conceder á comunidade de propietarios Ramón Cabanillas 5-7 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polas arquitectas Natalia Seoane Bueno e Beatriz Sierra Sobrino de data de visado do 01/04/2024 e documentación presentada na data 30/04/2024, cun orzamento de execución material de 147.788,53 €, a reforma enerxética no edificio situado na rúa de Ramón Cabanillas, 5-7 (VIVENDAS DE RAMIREZ) Santiago de Compostela (A Coruña).

### **6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00000311N.**

#### **Execución de obras de mellora da eficiencia enerxética na fachada principal do inmoble situado na rúa Montero Ríos, 22.**

Acórdase conceder á comunidade de propietarios Montero Ríos 22 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto

básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús Morales Rodríguez con selo de visado de data 28/06/2023 e documentación complementaria presentada o 14/06/2024 e o 19/09/2024, cun orzamento de execución material de 54.387,28 €, obras de mellora de eficiencia enerxética na fachada principal do inmobile situado na rúa Montero Ríos, 22 Santiago de Compostela (A Coruña).

**7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00008486E.**

**Substitución de material de cuberta e carpinterías de acceso ao local sito na rúa das Salvadas, 51 baixo.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto Juan José Esturao Pena presentado na data 16/02/2024 e documentación presentada o 17/09/2024 cun orzamento de execución material de 23.625,48 €, a substitución de material de cuberta e carpinterías de acceso ao local sito na rúa das Salvadas, 51 baixo Santiago de Compostela (A Coruña)

**8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00019178L.**

**Reforma enerxética no edificio situado na rúa Ramón Cabanillas, 1-3.**

Acórdase conceder á comunidade de propietarios Ramón Cabanillas 1-3 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polas arquitectas Natalia Seoane Bueno e Beatriz Sierra Sobrino de data de visado do 01/04/2024 e documentación presentada na data 30/04/2024, cun orzamento de execución material de 147.788,53 €, a reforma enerxética no edificio situado na rúa de Ramón Cabanillas, 1-3 (VIVENDAS DE RAMIREZ) Santiago de Compostela (A Coruña).

**9. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2024/00042977J.**

**Aprobación do proxecto de rehabilitación “Adecuación do Pazo de Raxoi, sede do Concello de Santiago de Compostela para a realización de visitas turísticas de carácter histórico, arquitectónico e artístico”.**

Acórdase aprobar o proxecto de rehabilitación de “adequación do Pazo de Raxoi, sede do Concello de Santiago de Compostela para a realización de visitas turísticas de carácter histórico, arquitectónico e artístico” adxudicado á UTE REDONDO, VALLADARES E RODRÍGUEZ SLP + EZCURRA Y OUZANDE ARQUITECTURA SLP. coas seguintes condicións:

ORZAMENTO

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 2.725.826,63 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 3.243.852,69 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. 3.925.061,75 € (O.E.C. + 21% I.V.E.)

O prazo de execución previsto é de 12 meses.

**10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00017219S.**

**Adxudicación do contrato de Obras de execución do proxecto de "Rexeneración do pavimento de calzada da Rúa do San Martiño (Aríns) / Fase I" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 1ª fase.**

Acórdase:

**Primeiro:** excluir os seguintes licitadores do procedemento de adxudicación por presentar ofertas anormalmente baixas a CONSTRUCCIONES J- MAURI E HIJOS SL e a HORDESCON SL.

**Segundo:** adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto o *Obras de execución do proxecto de "Rexeneración do pavimento de calzada da Rúa do San Martiño (Aríns) / Fase I" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 1ª fase* a OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL. Presenta unha proposición económica de 340.420,00 € (base impoñible de 281.338,84 € máis IVE do 21% de 59.081,16 €).

**Segundo:** Comprometer un gasto por importe de 340.420,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 070 454 6190000 (Código de proxecto 2023 2 PPROV 35 6 INVESTIMENTOS DEPUTACIÓN "PLAN ÚN).

#### **11. ÁREA XI. PLANIFICACIÓN E XESTIÓN TECNOLÓXICA. Referencia: 2024/00042658Q.**

**Validación da omisión da función interventora das facturas F/2024/2461 e F/2024/2720 expedidas por UTE de Telefónica de España SAU Telefónica Móviles de España SAU, polos servizos de telecomunicacións bloque 1, correspondentes aos meses de abril e maio do 2024.**

Acórdase:

**Primeiro.-** Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

**Segundo.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CINCO MIL SEISCENTOS OITENTA E DOUS EUROS E COARENTA E DOUS CÉNTIMOS (5.682,42 €) que comeza pola factura número F/2024/2461 por importe de 747,88 euros e finaliza pola número F/2024/2720 por importe de 4.934,54 euros, polos servizos de telecomunicacións bloque 1: liñas e extensións en diferentes dependencias municipais, durante os meses de abril e maio do ano 2024.

**Terceiro.-** Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

#### **12. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2024/00024022X.**

**Aprobación da proposta de concesión de subvencións a asociacións culturais do Concello de Santiago 2024.**

Acórdase:

1. Excluir da convocatoria á Asociación Galega Música de Cámara Airas Nunes, por non se atopar inscrita no Rexistro municipal de Asociacións e incumplir a base segunda da convocatoria.

2. Concederlle subvención polo importe que se indica ás seguintes entidades con cargo á aplicación 080 33400 4890100:

<b>Solicitante</b>	<b>Concedido</b>
Nova Escola Galega	5.000,00
Asociación Merenda creativa	3.696,00
Asociación medioambiental e cultural A pedra que fala	1.450,74

Asociación Cultural Barriga Verde	5.000,00
Federación galega de Bandas de música populares	5.000,00
Asociación deportivo cultural Capoeira Angola	4.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>24.146,74</b>

3. Aprobar o compromiso de gasto que se deriva da concesión das subvención por un importe total de 24.146,74 € con cargo á aplicación 080 33400 4890100

4. Devolver á aplicación de orixe o importe restante, non concedido.

Aplicación orzamentaria	Importe restante a devolver
080 33400 4890100	13.853,26 € €

**13. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2024/00023925M.**

**Aprobación da proposta de concesión de axudas de apoio a actividades culturais para o sector profesional 2024.**

1. Excluír as seguintes entidades e persoas polos motivos que se indican:

	NOME	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
08	Pista Catro Produtora de Soños SL	Non subsana a documentación requirida:  Formulario de solicitude incompleto.  Certificado do rexistro correspondente acreditativo da composición do órgano de goberno.  Certificado do acordo do órgano competente para formular a solicitude desta subvención e nomeamento de representante.  Copia do documento de identidade da persoa física que asina a solicitude.

2. Concederlle subvención polo importe que se indica ás seguintes persoas e entidades con cargo á aplicación 080 33400 4790100 (importe concedido 250.000,00 €):

	Solicitante	Concedido
7	Títeres Cachirulo SL	15.000,00
14	Correveydile SL	15.000,00
12	Music Art Rey Saavedra SC	42.000,00
17	Nordesía Produccions SL	45.000,00

3	A Xanela do maxín	15.000,00
10	Rey Domech, Rafael	15.000,00
4	Fundación Dardo Instituto de Deseño e das Artes contemporáneas	15.000,00
9	Magia en la manga S. Coop. Galega	15.000,00
6	Coucheiro Failde, José Antonio	7.030,40
11	Noente Paradise SL	25.185,92
5	Vallecillo González, Luis	8.588,00
2	Performa, S. Coop. Galega	10.858,40
16	Holanola Fest SL	15.000,00
13	Numax, S. Coop. Galega	1.500,00
1	Rodríguez Rodríguez, Maria Asunción	4.837,28
<b>TOTAL</b>		<b>250.000,00</b>

3. Non conceder a subvención por esgotamento do crédito a:

	Solicitante
15	Villar Iglesias, María Jesús
18	Ceremuzyńska, Paulina Maria

4. Aprobar o compromiso de gasto que se deriva da concesión das subvención por un importe total de 250.000,00 € con cargo á aplicación 080 33400 4790100.

**14. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00042649F.**

**Tomar coñecemento da Sentenza 203/2024, de 11 de xuño, da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.**

Resolucións:

- Sentenza 203/2024, de 11 de xuño, da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- Sentenza 139/2023, de 29 de setembro, do Xulgado do Contencioso administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: PO 301/2022; AP 7179/2023

Obxecto: Resolución nº 2022/5869, de 20.05.2022, do Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas, rectificadora pola Resolución nº 2022/11515, de 11.10.2022, pola que se acorda compensar as cantidades derivadas da execución do Auto de 6.05.2022 (EJD 18/2022) con créditos que a Administración ostenta contra Setex Aparki, SA e reclamar a esta entidade, en concepto de contraprestación polos

ingresos recadados polas taxas da Ordenanza da ORA e a retirada e depósito de vehículos e cantidades debidas por outros conceptos e mais os intereses, por importe de 743.340,97 euros.

A Sala desestima o recurso de apelación e confirma o criterio da sentenza de instancia, que se pronunciou en igual sentido respecto da correcta aplicación da fórmula dos pregos por parte desta administración.

A sentenza é firme ao non terse interposto pola parte recorrente recurso de casación, segundo o declarado por dilixencia de ordenación de 18.09.2024.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Mobilidade para o seu coñecemento e efectos oportunos

#### **15. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00017967G.**

**Tomar coñecemento do Auto nº 130/2024 recaído no procedemento PA 227/2024 CA2 sobre desestimación por silencio de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en vehículo.**

Resolución: Auto nº 130/2024 do 17 de setembro do Xulgado Contencioso Administrativo 2 de Santiago de Compostela

Procedemento: Procedemento Abreviado 227/2024

Obxecto: Desestimación por silencio de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en vehículo

O Auto declara rematado o procedemento por carencia de obxecto e ordena o arquivo das actuacións. Contra o Auto non cabe interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao departamento de Vicesecretaría para os efectos do seu coñecemento.

#### **16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00042858D.**

**Tomar coñecemento do Decreto 218/2024 do 2 de setembro de 2024 do Xulgado Social nº 4 sobre demanda de despedimento.**

Resolución: Decreto 218/2024 do 2 de setembro de 2024 do Xulgado Social nº 4

Procedemento: DSP Despido ceses 325/2024

Obxecto: Demanda de despedimento

O Decreto ten por desistida á persoa demandante da súa demanda fronte a Lacera Servicios y Mantenimiento SA, ISS Facility Services SA e o Concello de Santiago de Compostela. O antedito decreto declarouse firme na Dilixencia de ordenación do 24 de setembro que acordou o arquivo das actuacións.

Contra o citado decreto non cabe interpoñer recurso ordinario ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de Persoal para os efectos do seu coñecemento.

#### **17. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00043199M.**

**Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas.**

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Cocellerías Delegadas no período comprendido entre o 20 e o 26 de setembro de 2024.

## URXENCIAS

### 18. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00017013Q.

**Adxudicación do contrato das Obras de execución do proxecto de "Parque infantil no espazo socioeducativo de Rial no lugar de Reibó (parroquia de Laraño)" / POS+ Adicional 2/2023 2ª fase.**

Acórdase:

Primeiro: excluír do procedemento de adxudicación os seguintes licitadores:

- OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido na cláusula 15.1.1ª do PCAP.
- ÁREA DE PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS SLU por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido na cláusula 15.1.1ª do PCAP.
- NOVAVIAL SL por presentar unha oferta anormalmente baixa.
- ZONA DE OBRA O ROSAL SL por presentar unha oferta anormalmente baixa.

Segundo: adxudicarlle, por ser a súa oferta a mellor oferta das admitidas, o contrato que ten por obxecto as Obras de execución do proxecto de "Parque infantil no espazo socioeducativo de Rial no lugar de Reibó (parroquia de Laraño)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 2ª fase, a ALCOMTE GALICIA SL. Presenta unha proposición económica de 122.375,00 € (base imponible de 101.136,36 € máis IVE do 21% de 21.238,64 €).

### 19. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00017092A.

**Adxudicación do contrato Obras de execución do proxecto de "Ampliación da rede de saneamento na Rúa do Coto dos Olmos (parroquia de Bando)" / POS+ Adicional 2/2023 2ª fase.**

Acórdase:

Primeiro: excluír do procedemento de adxudicación os seguintes licitadores por presentar ofertas incursas en temeridade: MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL e NEMESIO ORDÓÑEZ SA.

Segundo: adxudicarlle, por ser a súa oferta a mellor oferta das admitidas, o contrato que ten por obxecto as Obras de execución do proxecto de "Ampliación da rede de saneamento na Rúa do Coto dos Olmos (parroquia de Bando)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 2ª fase a ALCOMTE GALICIA SL. Presenta unha proposición económica de 114.019,93 € (base imponible de 94.231,35 € máis IVE do 21% de 19.788,58 €).

### 20. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00039631W.

**Aprobación do prego cláusulas administrativas que rexe o contrato *Servizo de Asistencia Técnica, Redacción do Proxecto Básico e Execución e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) da "Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo". Financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España (instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE).***

Acórdase:

**Primeiro:** aprobar o prego cláusulas administrativas asinado o día 30/09/2024, que vai rexer o contrato do *Servizo de Asistencia Técnica, Redacción do Proxecto Básico e*

*Execución e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) da "Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo". Financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España - instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE (RCC: CON2024000044).*

**Segundo:** Ordenar que se publique o dito PCAP na Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP), empezando a contar o prazo de 30 días naturais para a presentación das ofertas o día seguinte ao da publicación do anuncio correspondente. ]

## **21. PROTECCIÓN CIVIL. Referencia: 2024/00036454E.**

**Aprobación do Convenio entre o Concello a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña para o subministro dun vehículo Pick Up e a dotación dun Posto de Mando Avanzado para Protección Civil.**

Acórdase aprobar o texto do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela, a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña para a subministración dun vehículo tipo pick-up e a dotación dun posto de mando avanzado para Protección Civil.